

TOTAL ACTIVIDADES  
COMPLEMENTARIAS

3 ANOS	2
4 ANOS	5
5 ANOS	7

14

1º EP	11
2º EP	10
3º EP	13
4º EP	16
5º EP	21
6º EP	13

84

No referente ás actividades complementarias, acadáronse os obxectivos fixados dende o inicio do curso na Programación Xeral Anual 2006/07 que previa a maioría das das realizadas. Ademais destas, realizáronse outras que foron xurdindo ao longo do mesmo por considerarse oportuna a súa realización e por contribuir positivamente ao logro dos obxectivos establecidos inicialmente.

De seguido mostramos un resumo das actividades realizadas agrupado por niveis. Neste computáanse todas as actividades desenvolvidas dentro ou fora do recinto escolar.

# UN CURSO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

## O RECANTO DO ESCRITOR

### MONÓLOGO DUN CEPILLO DE DENTES

Estou farto! Dáme igual que sexa imprescindible para a hixiene bucal! É máis, imprégname de pasta e despois empápame. Ademais despeiteánme. Entón métenme dentro de unha gran boca e maréanme e ensúcianme de caries. E aínda por riba, tres veces ó día! O único bo desta vida, se se lle pode chamar bo, é que o meu dono colecciona ós meus irmáns e curmáns. E unha colección enorme. Si, isto é o único bo da miña vida de limpa-dentes: polo menos, non me tiran ó lixo, estou cos meus familiares... Agarda un momento. Pero desta maneira estou todo o rato así, sen moverme. Ai! Que dura é esta vida...!

DANIEL DUQUE VILLAVERDE. 6ºA

### A CONTAMINACIÓN E O CAMBIO CLIMÁTICO



*A contaminación é un gran problema para o futuro da humanidade; inda que moita xente non lle dea a importancia que ten. Por exemplo: hai dúas semanas ía frío, onte*

*fixo moitísimo calor e hoxe vai moito frío...*

#### Por qué ocorre isto?

*Cada día milleiros de persoas contaminamos o noso mundo usando o coche en vez do transporte público, gastando demasiada auga nas nosas actividades cotiás, almacenamos residuos nucleares, vertemos restos*

*tóxicos nos mares e ríos. Por iso a capa de ozono estase destruindo, a temperatura do planeta aumenta continuamente e desaparecen especies vexetais e animais.*

*A xente non se decata de que despois deles vai haber outra xente que sufrirá as consecuencias. Dentro duns anos algunhas partes das costas de España, agora secas, quedarán cubertas de auga, porque a consecuencia do queentamento global está subindo o nivel do mar. Outras zonas converteranse en completos desertos e, como sigamos así, o mundo que coñecemos desaparecerá. Pero isto aínda se pode frear se todos colaboramos un pouco, non contaminando o noso mundo.*

*Nós pedímoslle á xente que tome conciencia disto e que, por favor poña o seu gran de area para evitalo, porque, dentro duns anos, eles xa non estarán aquí, pero nós, os nenos, si estaremos e sufriremos as consecuencias.*

*O noso planeta é bonito e interesante, deixémolo como está. Eu xa estou convencida disto...e ti?*

### AS COUSAS DE MARÍA

María era unha nena calquera con amigos como teñen todas as nenas pero ela tiña algo diferente: ela quería ser unha montaña.



Os seus inseparables amigos Ela a súa millor amiga, Mario un amigo da infancia e por último Kika unha amiga que sabía moitos feitos xuntáronse nunca reunión e dixeron:

- Hai que convertila en montaña! dixo berrando Ela.
- Pero é imposible! desesperábase Mario.
- Non é imposible, coa miña maxia convertireina en montaña, pero teredes que axudarme decindo estas palabras: Vin, van, que María sexa unha montaña!- dixo Kika.

Entón María dixo toda contenta:

- Grazas aos meus amigos que me convertiron en montaña e déronme tamén uns pos máxicos para que cando quera ser nena, poidano ser!

### SENTIMENTOS QUE INSPIRA UNHA CAMISETA A UNHA NENA DE ONCE ANOS

- Si, es a miña camiseta preferida (mirándose ó espello con ela posta).
- Que chula es! (sorrinte).
- E quedásme fenomenal! (feliz).
- Uí, xa verás cando me vexan as miñas amigas contigo posta. Van ter unha envexa!! (emocionada e contenta). Sempre serás a miña camiseta preferida (sorrindo).
- Pero (borrándose o sorriso da súa cara), cando medre xa non me vas servir (angustiada).
- ¿Que podo facer? (dando voltas pola habitación).
- Xa sei, se non como, non medro (sorrinte de novo), pero así morro de fame (triste outra vez).
- ¿Qué fago? (sorrinte) E se fago deporte? (triste, case chorando).
- Pero, se non engordo, estou nas mesmas. E se non bebo leite, non se me fortalecen os osos e tampouco medro (exclamando)
- Pero, a miña nai bérrame, e aparte encántame o leite (chorando). ¡¡¡Xa sei!!! (saltando de alegría)
- ¡¡Xa sei o que podo facer!!! Cando medre gardareite de recordo e cando teña unha filla, regalareiche a ela, a ver se lle gustas como a min, despois da miña filla a súa, e así para sempre (sorrindo).
- Así nunca serás esquecida (feliz).

MARINA ALFONSÍN. 6º C



**D**esde o día 2 ata o 9 de xuño, os alumnos de 6º fomos de excursión a Palma de Mallorca e fixemos as seguintes actividades, todas elas moi divertidas: O sábado 2 despegamos despois de dúas horas de espera e nunha hora e media xa estabamos en Mallorca. O domingo día 3, á unha da mañá aterramos e ás tres xa estabamos na cama, aínda que na miña habitación non durmimos ata as cinco. Espertáronnos as "profes" ás oito e ás nove almorzamos.

Fixemos a dixestión, botamos a crema e fomos á praia do Arenal. Á hora de comer voltamos ao hotel e o resto do día estivemos no mesmo.

O luns 4 fomos a Porto Cristo a visitar as fábricas de perolas Majorica e a de vidro e a de madeira de oliveira. Fixemos un "picnic" e pola tarde fomos ás covas de Artá.

O martes 5 fomos ao Aqualand pola mañá e pola tarde estivemos no hotel bañándonos na piscina.

O mércores 6 fomos a Palma a visitar un castelo moi peculiar pola súa forma

circular, o castelo de Bellver, o pazo da Almudaina e a Catedral. Rematamos a visita tomando un xeado na Praza de España.

O xoves 7 fomos pola mañá a unha fábrica de peles en Inca e despois fomos en barco a unha praia, preto de cabo Formentor, onde fixemos outro picnic. Despois pola tarde voltamos ao hotel.

O venres 8 fomos outra vez a Aqualand, pero esta vez mañá e tarde, facendo un picnic alí.

Por último o sábado 9 pola mañá fomos de compras polas tendas do Arenal e pola tarde, unhas horas despois de comer fomos ao aeroporto, onde collemos o avión que nos trouxo de volta a casa, despois dunha experiencia innovidábel.




DANIEL DUQUE





## FOTOS DE MALLORCA



## ALBERGUE DE GANDARIO

ALBERTO MARIL  
2º B

O día 28 de maio de 2007 fomos o Albergue de Gandario en Sada. Saimos do colexio sobre as 9:30 h. da mañá. Ata alí fomos en autobús, a viaxe durou unha hora aproximadamente.

Cando chegamos os monitores déronnos a benvida ao albergue e leváronnos aos pavillóns para sacar a equipaxe e gardar a roupa nos armarios.



Tódos os días deitábamonos sobre as 0:30 h. e levantábamonos sobre as 8:30 h.

O primeiro día realizamos moitas actividades e tamén fomos á praia. Pola noite xogamos a McGuiver un xogo de estratexia moi divertido.



O segundo día non fomos á praia porque estaba mal o día e pola mañá algúns grupos fixemos orientación un xogo por grupos que consistía en ir a diversas zonas do albergue en busca de cousas seguindo un mapa. Pola tarde fomos á sala de xogos alí xogamos e fixemos unha pulseira con pasta para sopa frita. Pola noite uns alumnos de Vigo representaron unha obra moi divertida. Despois xogamos ás agachadas por case todo o albergue.

O terceiro día algúns grupos fixeron: tiro con arco, xogos... pola tarde fomos xogar outra vez á sala de xogos e pola noite xogamos ao puzzle o xogo consistía en ir polo albergue superando probas para que os monitores che deran unha peza e así ir completando un quebra cabezas.

O cuarto día pola mañá non fixo moi bo tempo e ningún grupo puido realizar nin tiro con arco, nin orientación nin xogos... pero pola tarde cambiou o tempo e puidemos estar na praia un pouquiño. Pola noite todos os monitores prepararon una festa de despedida moi divertida, era a nosa última noite alí e deitámonos á 1:00 h.



O quinto e último día visitamos a fábrica de cerámica Sargadelos e regresamos a Santiago. Chegamos sobre as 7:30 h.

A excursión ó Albergue de Gandario foi moi divertida e os monitores tamén eran divertidos e graciosos.



## OBXECTIVO 2015

MP JOSÉ MANSILLA CHAO, PROFESORA RELIXION

Como recordaredes en setembro do 2000, 189 países, entre eles España, reunidos no Cumio do Milenio das Nacións Unidas, comprometéronse na construción dun mundo máis xusto e solidario. Redactouse un documento, Declaración do Milenio, onde se propuxeron 8 obxectivos e púxose como prazo o ano 2015. A realidade é que, en moitos aspectos, estamos moi lonxe de cumprir os devanditos obxectivos. Creemos que é unha responsabilidade de todos e todas coñecerlos, asumilos persoalmente e reivindicar o seu cumprimento.

Por este motivo e tomando como punto de referencia os chamados obxectivos do Milenio a ONG "Jóvenes del Tercer Mundo" axudounos de novo neste trimestre a interiorizar estes obxectivos coa intención de procurar a nosa implicación e participación activa na consecución dos mesmos.

Nesta ocasión, dentro do proxecto desta ONG, achegámonos á realidade de África, concretamente de Angola, para descubrir a valorar outras culturas diferentes á nosa.

Os alumnos de 3º, 4º e 6º tiveron a oportunidade de escoitar e conversar con Alberte Bundi, músico angolano que deixou o seu país como consecuencia da guerra.

Disfrutaron coa súa música, ritmos diferentes e instrumentos que nunca viran, algúns deles feitos con uñas de cabras ou con sementes dunha árbore típica de Angola. Cantaron en dúas das súas linguas, o Kimbundu e o Unbundu e moveron mans e pes ó ritmo da música.

Tamén tiveron a oportunidade de preguntarlle sobre o seu país.

Dende que no 2002 rematara a guerra civil, 3 millóns de refuxiados regresaron os seus fogares. Pero Alberte decidiu quedar en Galicia, onde casou cunha santiaguesa e tiveron un fillo, Gael.

Angola, nación independente dende 1975 está situada ó sur de África na costa atlántica. A súa capital é Luanda.

Son moitos os problemas que afectan á nenez:

Case a metade dos nenos e nenas menores de 5 anos sofren de malnutrición.

Millóns de nenos non asisten á escola por razóns que van dende a falta de auga e saneamento ata a imposibilidade de sufragar os gastos da escolaridade.

Case a terceira parte dos nenos e nenas entre 5 e 14 anos traballan.

De cada 10 nenos menores de 14 anos, mais dun perdeu a un ou a ambos proxenitores.

As minas sen estoupar son unha seria ameaza contra a seguridade da poboación e limitan a actividade agrícola.

Tres anos seguidos de paz fixeron que Angola cumpra cos requisitos necesarios para recibir préstamos internacionais.

Os adolescentes españois non están entre os mozos e mozas europeos con máis implicación nestes temas. A pesar de que o interese por apoiar causas humanitarias e solidarias aumentou nos últimos anos, seguen a ter dificultades para adquirir un compromiso social duradeiro e aceptar algunha cota de responsabilidade.

Desexamos que esta actividade contribuíra a adquirir un compromiso social duradeiro e aceptar algunha cota de responsabilidade na consecución dos Obxectivos do Milenio.

## O ACUARIO DE O GROVE

Ó día 15 partimos, ás nove e cuarto, cara O Grove. Cando chegamos alí vimos unhas marismas. Pouco despois, a uns mariscadores cerca do mar, nunha praia moi grande, collendo ameixas e berberechos.

Ao chegar ó Acuario unha monitora explicounos a qué especie pertencían os ósos que estaban alí colgados. Eran dun caldeirón, dun exemplar que morreu a causa de inxerir plásticos. Logo vimos ósos de golfinho mular, que é o que queitá nos espectáculos. Despois vimos unha tartaruga laude que é a especie de tartaruga máis grande do mundo. Despois andivemos por uns corredores e



SERGIO REY BLANCO  
4º

chegamos a un conxunto de piscinas que formaban unha granxa mariña. Alí vimos varias especies de peixes, todos en piscinas diferentes: rapantes, ollomoles etc. Logo cruzamos unha porta e pasamos a outro corredor ancho con moitísimas ventás que daban ás piscinas onde se atopaban os peixes. Nunha delas vimos moitas algas e tamén pastinacas, o sexa, raias. A continuación pasamos a unha ventá onde vimos e explicáronnos moitas cousas. Dixéronnos que as buguinas, (moluscos cunha cuncha redonda) cando algún depredador as ataca, encérranse na súa cuncha e pechan unha especie de porta que teñen na súa cuncha. Tamén vimos alí bois de mar que utilizan as súas pinzas para desfacer os alimentos que teñen unhas escamas dunha cor especial para

que inxiren. Noutra piscina vimos serróns que poder camuflarse nas algas.

A monitora contounos que a auga das enseadas é auga salobre, e dicir, auga que está entre auga doce e salgada.

Máis tarde a monitora levounos a unha piscina pequena onde había: algas, estrelas de mar, linguados e rodaballos. Os linguados e os rodaballos entérranse na area e permanecen semiocultos para que os depredadores non os coman. Despois de explicarnos todo isto a monitora mandounos buscar rodaballos e linguados.

Pouco despois fomos a unha piscina onde estaba exposta unha reprodución da Costa da Morte. Alí vimos moreas que saen das súas casas entre as rochas pola noite para buscar comida. Tamén vimos as centolas que ademais de ter o seu concha para defenderse e protexerse tamén lles serve para engancharse ás rochas. Despois de ver todo isto a monitora deixounos tocar un concha de centola. Logo pasamos a unha piscina moi pequena onde estaba un so polbo. A monitora contounos que os polbos teñen o sangue azul a diferenza da nosa. Tamén nos dixó que teñen tres corazóns e que poden cambiar a súa cor en función do ambiente dende se atopan.

Por último pasamos a unha piscina onde vimos sepias, unha especie de luras, que tamén teñen oito tentáculos e unha cuncha dentro da pel. Despois disto volvemos á porta principal e compramos moitas cousas: pegatinas, regalos para os nosos pais e irmáns etc.



gustoume moito a comida despois de ver tantas cousas interesantes no acuario e no catamarán. Despois de comer puidemos comprar xeados e xogar un pouco no parque. Logo disto fomos á última parte da nosa viaxe a O Grove: ao Monte Siradella.

Ao chegar ó cume do monte unha monitora explicounos que estaban no recinto protexido do Monte Siradella. Subimos por unha escada a un miradoiro. Alí a monitora explicounos todo o que víamos: o istmo que une a península de O Grove coa terra, as Illas Cíes, que se atopaban detrás dun banco de néboa, a Illa de Ons... máis tarde baixamos ata unha casa de madeira onde vimos un vídeo. O vídeo trataba sobre o motivo polo que o Monte Siradella é un recinto protexido. A continuación saímos ó exterior e subimos a outro miradoiro máis alto que o anterior. A monitora conduciunos ata unha exposición que trataba sobre animais mariños: o cachalote que mide 18 m. de longo, o golfinho común que pesa 150 quilos e mide entre 1,8 e 2,6 m. etc. Por último fixemos a viaxe de regreso a Santiago, no autobús, falando de todas as cousas interesantes da viaxe.



# O HORTO ESCOLAR

O pasado 15 de Marzo botou a andar o Horto Escolar do Pío XII.

Este proxecto didáctico, é froito da colaboración entre ADEGA (Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza) e o Concello de Santiago.

O traballo, comezabase na aula vendo os cultivos e explicando o que se ía facer e posteriormente en pequenos grupos se baixaba ao horto para rematar na aula facendo unha posta en común entre todos.

o resultado foi moi positivo. Sería moi interesante poder continuar co horto escolar en anos sucesivos, incluso cultivar un anquiño de terra no exterior de xeito que se puidera comparar o cultivo baixo plástico co cultivo en condicións naturais.

Gustaríanos por último agradecer as todas as persoas que participaron dalgún xeito neste proxecto, especialmente aos verdadeiros protagonistas, os nenos e as nenas.



Os Hortos Escolares iniciáronse no curso 2002-2003 en dous centros de ensino e a experiencia continuou en anos sucesivos até a actualidade no que se desenvolve como programa propio dentro das actividades de educación ambiental, en catro centros da cidade (CEIP Pío XII, EEI Raiola, CEIP Colexiata de Sar e CEIP Raiña Fabiola).

Os nenos/as de 4ºA foron os destinatarios e protagonistas deste ano no que xoves a xoves fomos achegándonos ao mundo do agro, coñecendo o ciclo vital das prantas, aprendendo as propiedades dos cultivos e das prantas aromáticas e medicinais dentro da horta, estudando as características do solo e o ciclo da materia orgánica... sempre desde unha perspectiva didáctica e respectuosa co medio.

O invernadoiro do centro acolleu as diferentes especies de cultivo, á vez que serviu de punto de encontro para realizar o traballo máis práctico.

Durante os meses nos que se desenvolveu este proxecto (Marzo a Xuño) realizamos actividades diversas, entre elas, Sementeira de rabaniños, transplante de pementos, tomates, pepínos, porros, repolos leitugas..., estudo das especies arbóreas, observación con lupa binocular de flores e follas, medición do pH...etc.

O obxectivo fundamental que se pretendía acadar con estas actividades era que os/as nenos/as desfrutaran aprendendo e que se decataran da importancia do solo, das prantas, do sol e do respecto ao medio.

Consideramos que este obxectivo se cumpriu folgadoamente e

*Neste curso viñeron dous monitores de ADEGA que se chamaban Damián e Cristina para explicarnos cousas das plantas, como plantalas e coñecelas.*



*Para ver a que curso lle tocaba ir ao horto fixeron un sorteo. No sorteo tocamos a 4ºA.*

*Desde o principio ata agora fixemos moitas cousas. Cada día un grupo de nenos e nenas ían ao horto a plantar e os outros quedábanse na clase a falar sobre as plantas ou debuxar flores, plantas e o horto. Plantamos moitas cousas como pementos de Padrón, leitugas, repolos, espinacas... tamén plantas como a melisa e a menta.*

*Nos últimos días do horto, Damián e Cristina enfadáronse porque non lle facíamos caso, pero despois si nos portamos ben. Marcharon a finais de xuño.*



# AQUACIENCIA

O día 24 de abril de 2007, os nenos de 2º ciclo fomos ao parque Raiña Sofía de Ferrol "Aquaciencia". Foi unha visita guiada.

No museo de Aquaciencia había:

A nora de pedal, de orixe chinés e que antigamente servía para regar os cultivos de arroz e a nora Manuel que era de orixe árabe e servía para trasladar a auga ás vivendas.

Tamén nos ensinaron inventos curiosos como a bola fonte que é unha bola de granito de máis de 400 kg que flota e se move na auga.

A continuación pasamos á sección de bombas. Había moitos tipos: a bomba peristáltica, a bomba de xerro, a bomba hidráulica, os vasos comunicantes...

Logo ensináronnos un transbordador de tracción manual e finalmente o muíño que serve para moer o gran.

Rematada a visita fomos comer e xogar ao famoso parque "O Cantón".

As cinco e media subimos aos autobuses que nos trouxeron ao colexio onde estaban esperándonos os nosos pais.

Pasámolo moi ben!!!



O contacontos que fomos ver os alumnos de sexto ao salón de actos, o pasado 28 de decembro, non era un contacontos coma os de sempre. Tratábase dunha especie de xogo sobre o libro "Intercambio cun inglés". Un libro interesante que xa limos durante o Nadal. Este xogo facíase por grupos e o obxectivo a acadar era chegar á cámara do tesouro. Un membro voluntario de cada grupo lanzaba o dado e, dependendo do número que saía, avanzábanse casañas do taboleiro que tiñan e elixíase a proba.

As probas eran distintas unhas doutras e consistían en buscar no dicionario,

palabras que aparecían no libro, facer mímica, falar sen parar, descubrir unha

personaxe para que os membros do equipo o adiviñaran... e dábase un tempo límite para facelo, por exemplo "trinta segundos", "un minuto", etc. Se superabas a proba avanzabas dúas casañas e senón retrocedías unha. En resumo, foi un xogo moi divertido e entretido onde o menos importante foi saber quen gañou.





### BIBLIOTECA 33



**N**a rúa santiaguesa de Frei Rosendo Salvado, 14-16, atópase a sede da Biblioteca da Fundación Caixa Galicia, cun espazo adicado aos máis cativos. Ata alí desprazáronse os nenos e nenas de EI de 4 e 5 anos do CEIP Pio XII coa intención de pasar unha xornada amena e formativa ao mesmo tempo.

### O TREN DA LÍNGUA



**O** alumnado de 5 anos A e B subeu o xoves 31 de maio ao tren da Língua. Esta actividade patrocinada por CaixaNova, ten por obxectivo o fomento da lingua galega entre os máis novos.

### A GRANXA DE MARCELLE



A moza viaase a granxa. Primeiro fomos ver animais, logo como charria fomos ao reptilario onde había crocodilos, lagartos e algo máis. Despois vimos búfalos, anes truses, celbras e línces. Mais tarde fomos ao taller, onde fixemos unha serpe antes de comer filete con patatas e pizza. De postre iogurt de macedonia. Mais tarde fomos ao parque para xogar un pouco antes de ir a reserva onde vimos algúns animais e logo viñemos para a colección. ¡Foi moi divertido!

### OS CONTOS DO CAMIÑO



**O**s alumnos e alumnas de 5 anos do CEIP Pio XII asistiron o día 7 de xuño a un contacontos no Museo do Pobo Galego. Ao rematar cada un pintou a pedra que levaba, puxolle o seu nome e depositouna no claustro do edificio a xeito de camiño, como testemuña do seu paso por aí.

### A GRANXA ESCOLA DA TOXA

**A** Escola Fervenza da Toxa en Silleda, ofrece actividades para que os nenos e nenas coñezan de perto os animais e as actividades agrícolas propias dunha granxa. A ela asistiron os alumnos de 4 e 5 anos do noso Colexio.



### OS CONTOS DO CAMIÑO



**N**a Galería Sargadelos os nenos de infantil do colexio asistiron a unha sesión de contacontos nos non faltou a música dos instrumentos tradicionais galegos para acompañar as hermosas historias.

### O MAGO VITUÇO

**O** Mago Vituco actuou no noso colexio. Dentro da Semana da Maxia organizada polo Concello de Santiago, achegouse ao noso Colexio o Mago Vituco que fixo mostra dos seus trucos ante o asombro dos asistentes

